

Equilibrio químico en fase gas

◇ PROBLEMAS

● Con datos do equilibrio

1. Nun recipiente pechado e baleiro de 10 L de capacidade introdúcese 0,04 moles de monóxido carbono e igual cantidade de cloro gas. Cando a 525 °C alcánzase o equilibrio, obsérvase que reaccionou o 37,5 % do cloro inicial, segundo a reacción: $\text{CO(g)} + \text{Cl}_2\text{(g)} \rightleftharpoons \text{COCl}_2\text{(g)}$. Calcula:
- O valor de K_p e de K_c .
 - A cantidade, en gramos, de monóxido de carbono existente cando se alcanza o equilibrio.
- Dato: $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$. (P.A.U. set. 16)
- Rta.: $K_c = 240$; $K_p = 3,66$; b) $m = 0,700 \text{ g CO}$.

Datos

Gas: volume

temperatura

Cantidade de CO inicial

Cantidade de Cl_2 inicial

Cantidade de Cl_2 que reaccionou

Constante dos gases ideais

Masa molar do monóxido de carbono

Incógnitas

Constantes de equilibrio

Masa de CO no equilibrio

Ecuacións

Cantidade (número de moles)

Ecuación de estado dos gases ideais

Concentración da substancia X

Constantes do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$

Cifras significativas: 3

$$V = 10,0 \text{ dm}^3 = 1,00 \cdot 10^{-2} \text{ m}^3$$

$$T = 525 \text{ °C} = 798 \text{ K}$$

$$n_0(\text{CO}) = 0,0400 \text{ mol CO}$$

$$n_0(\text{Cl}_2) = 0,0400 \text{ mol Cl}_2$$

$$n_r(\text{Cl}_2) = 37,5 \% \cdot n_0 = 0,0150 \text{ mol Cl}_2$$

$$R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$$

$$M(\text{CO}) = 28,0 \text{ g/mol}$$

$$K_c, K_p$$

$$m_e$$

$$n = m / M$$

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T \Rightarrow p = \frac{n \cdot R \cdot T}{V}$$

$$[\text{X}] = n(\text{X}) / V$$

$$K_c = \frac{[\text{C}]_e^c \cdot [\text{D}]_e^d}{[\text{A}]_e^a \cdot [\text{B}]_e^b} \quad K_p = \frac{p_e^c(\text{C}) \cdot p_e^d(\text{D})}{p_e^a(\text{A}) \cdot p_e^b(\text{B})}$$

Solución:

- a) A cantidade de Cl_2 que reacciona é o 37,5 % da cantidade inicial:

$$n_r(\text{Cl}_2) = 37,5 \% \cdot n_0(\text{Cl}_2) = 0,375 \cdot 0,0400 \text{ [mol]} = 0,0150 \text{ mol Cl}_2$$

Pola estequiometría da reacción:

		CO	Cl_2	\rightleftharpoons	COCl_2	
Cantidade inicial	n_0	0,0400	0,0400		0	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n_r	0,0150	0,0150	\rightarrow	0,0150	mol
Cantidade no equilibrio	n_e	0,0250	0,0250		0,0150	mol

A expresión da constante de equilibrio en función das concentracións é:

$$K_c = \frac{[\text{COCl}_2]_e}{[\text{Cl}_2]_e \cdot [\text{CO}]_e} = \frac{\frac{0,0150 \text{ mol COCl}_2}{10,0 \text{ dm}^3}}{\frac{0,0250 \text{ mol Cl}_2}{10,0 \text{ dm}^3} \cdot \frac{0,0250 \text{ mol CO}}{10,0 \text{ dm}^3}} = 240$$

A relación entre K_p e K_c para esta reacción é:

$$K_p = \frac{p_e(\text{COCl}_2)}{p_e(\text{Cl}_2) \cdot p_e(\text{CO})} = \frac{\frac{n_e(\text{COCl}_2) \cdot R \cdot T}{V}}{\frac{n_e(\text{Cl}_2) \cdot R \cdot T}{V} \cdot \frac{n_e(\text{CO}) \cdot R \cdot T}{V}} = \frac{[\text{COCl}_2]_e}{[\text{Cl}_2]_e \cdot [\text{CO}]_e} \cdot \frac{1}{R \cdot T} = \frac{K_c}{R \cdot T}$$

A constante K_p vale:

$$K_p = \frac{240}{0,082 \cdot 798} = 3,66$$

b) A masa de CO no equilibrio é:

$$m_e = 0,0250 \text{ mol CO} \cdot 28,0 \text{ g/mol} = 0,700 \text{ g CO}$$

2. Nun matraz dun litro de capacidade introdúcese 0,387 moles de nitróxeno e 0,642 moles de hidróxeno, quéntase a 800 K e establécese o equilibrio: $\text{N}_2(\text{g}) + 3 \text{H}_2(\text{g}) \rightleftharpoons 2 \text{NH}_3(\text{g})$ atopándose que se formaron 0,061 moles de amoníaco. Calcula:

a) A composición de mestúraa gasosa en equilibrio.

b) K_c e K_p a dita temperatura.

Dato: $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$.

(P.A.U. xuño 16)

Rta.: a) $n(\text{N}_2) = 0,356 \text{ mol}$; $n(\text{H}_2) = 0,550 \text{ mol}$; b) $K_c = 0,0623$; $K_p = 1,45 \cdot 10^{-5}$.

Datos

Gas: volume

temperatura

Cantidade inicial de N_2

Cantidade inicial de H_2

Cantidade de NH_3 no equilibrio

Constante dos gases ideais

Cifras significativas: 3

$V = 1,00 \text{ dm}^3$

$T = 800 \text{ K}$

$n_0(\text{N}_2) = 0,387 \text{ mol N}_2$

$n_0(\text{H}_2) = 0,642 \text{ mol H}_2$

$n_e(\text{NH}_3) = 0,0610 \text{ mol NH}_3$

$R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$

Incógnitas

Composición de mestura gasosa en equilibrio.

$n_e(\text{N}_2)$, $n_e(\text{H}_2)$

Constante de equilibrio K_c

K_c

Constante de equilibrio K_p

K_p

Outros símbolos

Cantidade da substancia X que reaccionou

$n_r(\text{X})$

Ecuacións

Ecuación de estado dos gases ideais

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T \Rightarrow p = \frac{n \cdot R \cdot T}{V}$$

Concentración da substancia X


$$[\text{X}] = n(\text{X}) / V$$

Constantes do equilibrio: $a \text{A} + b \text{B} \rightleftharpoons c \text{C} + d \text{D}$

$$K_c = \frac{[\text{C}]_e^c \cdot [\text{D}]_e^d}{[\text{A}]_e^a \cdot [\text{B}]_e^b} \quad K_p = \frac{p_e^c(\text{C}) \cdot p_e^d(\text{D})}{p_e^a(\text{A}) \cdot p_e^b(\text{B})}$$

Solución:

A ecuación química é:



Da estequiometría da reacción, os moles de I_2 e H_2 que reaccionaron son:

$$n_r(\text{N}_2) = 0,0610 [\text{mol NH}_3] \cdot 1 [\text{mol N}_2] / 2 [\text{mol NH}_3] = 0,0305 \text{ mol N}_2 \text{ que reaccionaron}$$

$$n_r(\text{H}_2) = 0,0610 [\text{mol NH}_3] \cdot 3 [\text{mol H}_2] / 2 [\text{mol NH}_3] = 0,0915 \text{ mol H}_2 \text{ que reaccionaron.}$$

No equilibrio quedaron:

$$n_e(\text{N}_2) = n_0(\text{N}_2) - n_r(\text{N}_2) = 0,387 - 0,031 = 0,356 \text{ mol N}_2 \text{ que quedaron no equilibrio}$$

$$n_e(\text{H}_2) = n_0(\text{H}_2) - n_r(\text{H}_2) = 0,642 - 0,092 = 0,550 \text{ mol H}_2 \text{ que quedaron no equilibrio}$$

b)

		N_2	3H_2	\rightleftharpoons	2NH_3	
Cantidade inicial	n_0	0,387	0,642		0	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n_r	0,031	0,092	\rightarrow	0,0610	mol
Cantidade no equilibrio	n_e	0,356	0,550		0,0610	mol
Concentración no equilibrio	$[\text{X}]_e$	0,356	0,550		0,0610	mol/dm ³

A expresión da constante de equilibrio en función das concentracións é:


$$K_c = \frac{[\text{NH}_3]_e^2}{[\text{N}_2]_e \cdot [\text{H}_2]_e^3} = \frac{0,0610^2}{0,356 \cdot 0,550^3} = 0,0623 \text{ (concentracións en mol/dm}^3\text{)}$$

Se consideramos comportamento ideal para os gases, podemos escribir:

$$K_p = \frac{p_e^2(\text{NH}_3)}{p_e(\text{N}_2) \cdot p_e^3(\text{H}_2)} = \frac{([\text{NH}_3]_e \cdot R \cdot T)^2}{[\text{N}_2]_e \cdot R \cdot T \cdot ([\text{H}_2]_e \cdot R \cdot T)^3} = \frac{[\text{NH}_3]_e^2}{[\text{N}_2]_e \cdot [\text{H}_2]_e^3} \frac{1}{(R \cdot T)^2} = \frac{K_c}{(R \cdot T)^2}$$

$$K_p = \frac{0,0623}{(0,0820 \cdot 800)^2} = 1,45 \cdot 10^{-5} \text{ (presións en atm)}$$

3. Nun recipiente de 2,0 dm³ introdúcese 0,043 moles de NOCl(g) e 0,010 moles de Cl₂(g). Péchase, quéntase ata unha temperatura de 30 °C e déixase que alcance o equilibrio:



a) O valor de K_c sabendo que no equilibrio atópanse 0,031 moles de NOCl(g).

b) A presión total e as presións parciais de cada gas no equilibrio.

Dato: $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{L} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$.

(P.A.U. xuño 15)

Rta.: a) $K_c = 0,035$; b) $p = 74 \text{ kPa}$; $p(\text{NOCl}) = 39 \text{ kPa}$; $p(\text{Cl}_2) = 20 \text{ kPa}$; $p(\text{NO}) = 15 \text{ kPa}$.

Datos

Gas: volume

temperatura

Cantidade inicial de NOCl

Cantidade inicial de Cl₂

Cantidade de NOCl no equilibrio

Constante dos gases ideais

Incógnitas

Constante do equilibrio K_c

Presión total no equilibrio

Presións parciais de cada gas no equilibrio

Cifras significativas: 3

$$V = 2,00 \text{ dm}^3$$

$$T = 30 \text{ °C} = 303 \text{ K}$$

$$n_0(\text{NOCl}) = 0,0430 \text{ mol NOCl}$$

$$n_0(\text{Cl}_2) = 0,0100 \text{ mol Cl}_2$$

$$n_e(\text{NOCl}) = 0,0310 \text{ mol NOCl}$$

$$R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$$

K_c

p

$p(\text{NOCl})$, $p(\text{Cl}_2)$, $p(\text{NO})$

Outros símbolos

Cantidade de gas que reaccionou n_r

Ecuacións

Ecuación de estado dos gases ideais $p \cdot V = n \cdot R \cdot T \Rightarrow p = \frac{n \cdot R \cdot T}{V}$

Lei de Dalton das presións parciais $p_t = \Sigma p_i$

Concentración da substancia X $[X] = n(X) / V$


Constante do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$ $K_c = \frac{[C]^c [D]^d}{[A]^a [B]^b}$

Solución:

a) Calcúlase a cantidade de NOCl que reaccionou:

$$n_r = n_e - n_o = 0,0310 - 0,0430 = -0,0120 \text{ mol NOCl}$$

e constrúese unha táboa para calcular as cantidades de produtos e reactivos no equilibrio a partir da estequiometría da reacción:



		NOCl	\rightleftharpoons	$\frac{1}{2} \text{Cl}_2$	NO	
Cantidade inicial	n_o	0,0430		0,0100	0	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n_r	0,0120	\rightarrow	$0,0120 / 2 = 0,00600$	0,0120	mol
Cantidade no equilibrio	n_e	0,0310		0,0160	0,0120	mol

Calcúlase a constante de equilibrio:

$$K_c = \frac{[\text{NO}]_e \cdot [\text{Cl}_2]_e^{1/2}}{[\text{NOCl}]_e} = \frac{0,0120}{2} \cdot \sqrt{\frac{0,0160}{2}} = 0,0346 \text{ (concentracións en mol/dm}^3\text{)}$$

b) Calcúlanse as presións parciais de cada gas a partir das cantidades no equilibrio. Supoñendo comportamento ideal para os gases:

$$p(\text{NOCl}) = \frac{n(\text{NOCl}) \cdot R \cdot T}{V} = \frac{0,0310 \text{ mol} \cdot 8,31 \text{ J} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 303 \text{ K}}{2,00 \cdot 10^{-3} \text{ m}^3} = 3,91 \cdot 10^4 \text{ Pa} = 39,1 \text{ kPa} \cdot \frac{1 \text{ atm}}{101,3 \text{ kPa}} = 0,386 \text{ atm}$$

$$p(\text{Cl}_2) = \frac{n(\text{Cl}_2) \cdot R \cdot T}{V} = \frac{0,0160 \text{ mol} \cdot 8,31 \text{ J} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 303 \text{ K}}{2,00 \cdot 10^{-3} \text{ m}^3} = 2,02 \cdot 10^4 \text{ Pa} = 20,2 \text{ kPa} \cdot \frac{1 \text{ atm}}{101,3 \text{ kPa}} = 0,199 \text{ atm}$$

$$p(\text{NO}) = \frac{n(\text{NO}) \cdot R \cdot T}{V} = \frac{0,0120 \text{ mol} \cdot 8,31 \text{ J} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 303 \text{ K}}{2,00 \cdot 10^{-3} \text{ m}^3} = 1,51 \cdot 10^4 \text{ Pa} = 15,1 \text{ kPa} \cdot \frac{1 \text{ atm}}{101,3 \text{ kPa}} = 0,149 \text{ atm}$$

Calcúlase a presión total pola lei de Dalton:

$$p = p(\text{NOCl}) + p(\text{Cl}_2) + p(\text{NO}) = 39,1 \text{ [kPa]} + 20,2 \text{ [kPa]} + 15,1 \text{ [kPa]} = 74,4 \text{ kPa} \cdot \frac{1 \text{ atm}}{101,3 \text{ kPa}} = 0,734 \text{ atm}$$

4. Considera a seguinte reacción: $\text{Br}_2\text{(g)} \rightleftharpoons 2 \text{Br(g)}$. Cando 1,05 moles de Br_2 colócanse nun matraz de $0,980 \text{ dm}^3$ a unha temperatura de 1873 K se disocia o $1,20 \%$ de Br_2 . Calcula a constante de equilibrio K_c da reacción.

(P.A.U. xuño 14)

Rta.: a) $K_c = 6,25 \cdot 10^{-4}$.

Datos

Gas: volume
temperatura

Cantidad inicial de Br₂

Grao de disociación

Incógnitas

Constante do equilibrio K_c

Outros símbolos

Cantidad de Br₂ que se ha disociado

Ecuacións

Concentración da substancia X

Grao de disociación

Constantes do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$

Cifras significativas: 3

$V = 0,980 \text{ dm}^3$

$T = 1873 \text{ K}$

$n_0(\text{Br}_2) = 1,05 \text{ mol Br}_2$

$\alpha = 1,20 \% = 0,0120$

K_c

$n_d(\text{Br}_2)$


$[X] = n(X) / V$

$\alpha = \frac{n_d}{n_0}$

$K_c = \frac{[C]_e^c \cdot [D]_e^d}{[A]_e^a \cdot [B]_e^b}$

Solución:

A ecuación de disociación química do bromo é:



Disociáronse:

$n_d(\text{Br}_2) = \alpha \cdot n_0(\text{Br}_2) = 0,0120 \cdot 1,05 [\text{mol Br}_2] = 0,0126 \text{ mol Br}_2 \text{ disociados}$

Pola estequiometría da reacción, as cantidades de bromo atómico formado e en equilibrio son:

		Br ₂	\rightleftharpoons	2 Br	
Cantidad inicial	n_0	1,05		0	mol
Cantidad que reacciona ou se forma	n_r	0,0126	\rightarrow	0,0252	mol
Cantidad no equilibrio	n_e	$1,05 - 0,01 = 1,04$		0,0252	mol
Concentración no equilibrio	$[X]_e$	$1,04 / 0,980 = 1,06$		0,0257	mol/dm ³

A expresión da constante de equilibrio en función das concentracións é:

$K_c = \frac{[\text{Br}]_e^2}{[\text{Br}_2]_e} = \frac{(0,0257)^2}{1,06} = 6,25 \cdot 10^{-4} \text{ (concentracións en mol/dm}^3\text{)}$

5. Introdúcese PCl₅ nun recipiente pechado de 1 dm³ de capacidade e quéntase a 493 K ata descompoñerse termicamente segundo a reacción: $\text{PCl}_5(\text{g}) \rightleftharpoons \text{PCl}_3(\text{g}) + \text{Cl}_2(\text{g})$. Unha vez alcanzado o equilibrio, a presión total é de 1 atm (101,3 kPa) e o grao de disociación 0,32. Calcula:

- a) As concentracións das especies presentes no equilibrio e as súas presións parciais
- b) O valor de K_c e K_p.

Dato: $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$. (P.A.U. set. 13)

Rta.: a) $[\text{PCl}_5]_e = 0,0127 \text{ mol/dm}^3$; $[\text{Cl}_2]_e = [\text{PCl}_3]_e = 0,0060 \text{ mol/dm}^3$; b) $p(\text{PCl}_5) = 0,515 \text{ atm} = 52,2 \text{ kPa}$; $p(\text{PCl}_3) = p(\text{Cl}_2) = 0,243 \text{ atm} = 24,6 \text{ kPa}$; b) $K_c = 2,82 \cdot 10^{-3}$; $K_p = 0,114 [p \text{ en atm}]$.

Datos

Gas: volume
temperatura

Cifras significativas: 3

$V = 1,00 \text{ dm}^3$

$T = 493 \text{ K}$

Datos

Presión total no equilibrio

Grao de disociación

Constante dos gases ideais

Incógnitas

Concentracións de cada especie no equilibrio

Presións parciais de cada especie no equilibrio

Constantes de equilibrio

Outros símbolos

Cantidade da substancia X no equilibrio

Ecuacións

Lei de Dalton das presións parciais

Concentración da substancia X

Ecuación de estado dos gases ideais

Grao de disociación

Constantes do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$

Cifras significativas: 3

$p = 1,00 \text{ atm}$

$\alpha = 0,320$

$R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$

$[\text{PCl}_5], [\text{PCl}_3], [\text{Cl}_2]$

$p(\text{PCl}_5), p(\text{PCl}_3), p(\text{Cl}_2)$

K_c, K_p

$n_e(X)$

$p_t = \sum p_i$

$[\text{X}] = n(\text{X}) / V$

$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$

$\alpha = \frac{n_d}{n_0}$

$K_c = \frac{[\text{C}]_e^c \cdot [\text{D}]_e^d}{[\text{A}]_e^a \cdot [\text{B}]_e^b} \quad K_p = \frac{p_e^c(\text{C}) \cdot p_e^d(\text{D})}{p_e^a(\text{A}) \cdot p_e^b(\text{B})}$

Solución:

b) Supoñendo comportamento ideal para os gases:

$n_{e\ t} = \frac{p \cdot V}{R \cdot T} = \frac{1,00 \text{ atm} \cdot 1,0 \text{ L}}{0,0820 \text{ atm}\cdot\text{L}\cdot\text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 493 \text{ K}} = 0,0247 \text{ mol de gases no equilibrio}$

A ecuación de disociación é:



Como o grao de disociación é:

$\alpha = \frac{n_d}{n_0}$

a cantidade de PCl_5 disociada será αn_0 . Pola estequiometría da reacción:

		PCl_5	\rightleftharpoons	PCl_3	Cl_2	
Cantidade inicial	n_0	n_0		0	0	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n_r	αn_0	\rightarrow	αn_0	αn_0	mol
Cantidade no equilibrio	n_e	$n_0 - \alpha n_0$		αn_0	αn_0	mol

A cantidade de gas que hai no equilibrio é: $n_{e\ t} = n_0 - \alpha n_0 + \alpha n_0 + \alpha n_0 = n_0 + \alpha n_0 = (1 + \alpha) n_0$
Comparando co resultado anterior,

$0,0247 = (1 + 0,320) \cdot n_0$

$n_0 = 0,0247 / 1,320 = 0,0187 \text{ mol PCl}_5 \text{ inicial}$

As cantidades no equilibrio serán:

$n_e(\text{PCl}_5) = n_0 - \alpha n_0 = (1 - \alpha) n_0 = (1 - 0,320) \cdot 0,0187 = 0,0127 \text{ mol PCl}_5 \text{ no equilibrio}$

$n_e(\text{Cl}_2) = n_e(\text{PCl}_3) = \alpha \cdot n_0 = 0,320 \cdot 0,0187 = 0,00600 \text{ mol}$

E as concentracións serán:

$$[\text{PCl}_5]_e = 0,0127 \text{ mol PCl}_5 / 1,0 \text{ dm}^3 = 0,0127 \text{ mol} / \text{dm}^3$$

$$[\text{Cl}_2]_e = [\text{PCl}_3]_e = 0,00600 \text{ mol} / 1,0 \text{ dm}^3 = 0,00600 \text{ mol} / \text{dm}^3$$

E as presións parciais:

$$p(\text{PCl}_5) = \frac{n(\text{PCl}_5) \cdot R \cdot T}{V} = [\text{PCl}_5] \cdot R \cdot T = 0,0127 \text{ mol} \cdot 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 493 \text{ K} = 0,515 \text{ atm}$$

$$p(\text{PCl}_5) = 0,515 \text{ atm} \cdot 101,3 \text{ kPa} / \text{atm} = 52,2 \text{ kPa}$$

$$p(\text{Cl}_2) = p(\text{PCl}_3) = \frac{n(\text{PCl}_3) \cdot R \cdot T}{V} = [\text{PCl}_3] \cdot R \cdot T = 0,006 \text{ mol} \cdot 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 493 \text{ K} = 0,243 \text{ atm}$$

$$p(\text{PCl}_3) = p(\text{Cl}_2) = 0,243 \text{ atm} \cdot 101,3 \text{ kPa} / \text{atm} = 24,6 \text{ kPa}$$

a) A constante de equilibrio en función das concentracións é

$$K_c = \frac{[\text{PCl}_3]_e \cdot [\text{Cl}_2]_e}{[\text{PCl}_5]_e} = \frac{0,006 \cdot 0,006}{0,0127} = 2,82 \cdot 10^{-3} \text{ (concentracións en mol/dm}^3\text{)}$$

A constante de equilibrio en función das presións é

$$K_p = \frac{p_e(\text{PCl}_3) \cdot p_e(\text{Cl}_2)}{p_e(\text{PCl}_5)} = \frac{[\text{PCl}_3]_e \cdot R \cdot T [\text{Cl}_2]_e \cdot R \cdot T}{[\text{PCl}_5]_e \cdot R \cdot T} = \frac{[\text{PCl}_3]_e \cdot [\text{Cl}_2]_e}{[\text{PCl}_5]_e} \cdot R \cdot T = K_c \cdot R \cdot T$$

$$K_p = K_c \cdot R \cdot T = 2,82 \cdot 10^{-3} \cdot 0,082 \cdot 493 = 0,114 \text{ (presións en atm)}$$

6. Nun matraz de 5 dm³ introdúcese unha mestura de 0,92 moles de N₂ e 0,51 moles de O₂ e quéntase ata 2200 K, establecéndose o equilibrio: N₂(g) + O₂(g) ⇌ 2 NO(g). Tendo en conta que nestas condicións reacciona o 1,09 % do nitróxeno inicial:

a) Calcula a concentración molar de todos os gases no equilibrio a 2200 K.

b) Calcula o valor das constantes K_c e K_p a esa temperatura.

Dato: R = 0,082 atm·dm³·K⁻¹·mol⁻¹ = 8,31 J·K⁻¹·mol⁻¹.

(P.A.U. set. 12)

Rta.: a) [N₂] = 0,182 mol/dm³; [O₂] = 0,100 mol/dm³; [NO] = 0,0040 mol/dm³; b) K_c = K_p = 8,84·10⁻⁴.

Datos

Gas: volume

temperatura

Cantidade inicial de N₂

Cantidade inicial de O₂

Grao de reacción

Constante dos gases ideais

Incógnitas

Concentracións molares de todos os gases no equilibrio

Constantes de equilibrio

Outros símbolos

Cantidade de gas que reaccionou

Ecuacións

Ecuación de estado dos gases ideais

Grao de reacción

Concentración da substancia X

Cifras significativas: 3

$$V = 5,00 \text{ dm}^3$$

$$T = 2200 \text{ K}$$

$$n_0(\text{N}_2) = 0,920 \text{ mol N}_2$$

$$n_0(\text{O}_2) = 0,510 \text{ mol O}_2$$

$$\alpha = 0,0109$$

$$R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$n(\text{N}_2), n(\text{O}_2), n(\text{NO})$$

$$K_c, K_p$$

$$n_r$$

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T \Rightarrow p = \frac{n \cdot R \cdot T}{V}$$

$$\alpha = n_r / n_0$$

$$[\text{X}] = n(\text{X}) / V$$

Ecuacións

Constantes do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$


$$K_c = \frac{[C]_e^c \cdot [D]_e^d}{[A]_e^a \cdot [B]_e^b} \quad K_p = \frac{p_e^c(C) \cdot p_e^d(D)}{p_e^a(A) \cdot p_e^b(B)}$$

Solución:

a) Reaccionaron:

$$n_r(N_2) = \alpha \cdot n_0(N_2) = 0,0109 \cdot 0,920 [\text{mol } N_2] = 0,0100 \text{ mol } N_2$$

A reacción axustada é:



Da estequiometría da reacción:

$$n_r(O_2) = n_r(N_2) = 0,0100 \text{ mol } O_2$$

$$n_r(NO) = 2 n_r(N_2) = 0,0200 \text{ mol } NO$$

		N ₂	O ₂	⇌	2 NO	
Cantidade inicial	n ₀	0,920	0,510		0	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n _r	0,0100	0,0100	→	0,0200	mol
Cantidade no equilibrio	n _e	0,910	0,500		0,0200	mol
Concentración no equilibrio	[X] _e	0,182	0,100		0,00400	mol/dm ³

b) A constante de equilibrio en función das concentracións

$$K_c = \frac{[NO]_e^2}{[N_2]_e \cdot [O_2]_e} = \frac{0,00400^2}{0,182 \cdot 0,100} = 8,84 \cdot 10^{-4} \text{ (concentracións en mol/dm}^3\text{)}$$

A constante de equilibrio en función das presións

$$K_p = \frac{p_e^2(NO)}{p_e(N_2) \cdot p_e(O_2)} = \frac{([NO]_e R \cdot T)^2}{[N_2]_e \cdot R \cdot T \cdot [O_2]_e \cdot R \cdot T} = \frac{[NO]_e^2}{[N_2]_e \cdot [O_2]_e} = K_c = 8,84 \cdot 10^{-4} \text{ (presións en atm)}$$

7. O CO₂ reacciona co H₂S a altas temperaturas segundo: CO₂(g) + H₂S(g) ⇌ COS(g) + H₂O(g). Introdúcense 4,4 g de CO₂ nun recipiente de 2,55 dm³ a 337 °C, e unha cantidade suficiente de H₂S para que, unha vez alcanzado o equilibrio, a presión total sexa de 10 atm (1013,1 kPa). Se na mestura en equilibrio hai 0,01 moles de auga, calcula:

- a) O número de moles de cada unha das especies no equilibrio.
- b) O valor de K_c e K_p a esa temperatura.

Dato: R = 0,082 atm·dm³·K⁻¹·mol⁻¹ = 8,31 J·K⁻¹·mol⁻¹.

(P.A.U. xuño 12)

Rta.: a) n_e(CO₂) = 0,090 mol; n_e(H₂S) = 0,409 mol; n_e(COS) = 0,0100 mol; b) K_p = K_c = 2,8·10⁻³.

Datos

Masa inicial de CO₂

Gas: volume

temperatura

presión

Cantidade de auga no equilibrio

Constante dos gases ideais

Masa molar do dióxido de carbono

Cifras significativas: 3

$$m_0(CO_2) = 4,40 \text{ g}$$

$$V = 2,55 \text{ dm}^3 = 2,55 \cdot 10^{-3} \text{ m}^3$$

$$T = 337 \text{ °C} = 610 \text{ K}$$

$$p_{t0} = 10,0 \text{ atm} = 1,013 \cdot 10^6 \text{ Pa}$$

$$n_e(H_2O) = 0,0100 \text{ mol } H_2O$$

$$R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$M(CO_2) = 44,0 \text{ g/mol}$$

Incógnitas

Cantidades de todas as especies no equilibrio $n_e(\text{CO}_2), n_e(\text{H}_2\text{S}), n_e(\text{COS})$

Constantes de equilibrio K_c, K_p

Ecuacións

Cantidad (número de moles) $n = m / M$

Ecuación de estado dos gases ideais $p \cdot V = n \cdot R \cdot T \Rightarrow p = \frac{n \cdot R \cdot T}{V}$

Concentración da substancia X $[X] = n(X) / V$

Constantes do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$
 $K_c = \frac{[C]_e^c \cdot [D]_e^d}{[A]_e^a \cdot [B]_e^b}$ $K_p = \frac{p_e^c(C) \cdot p_e^d(D)}{p_e^a(A) \cdot p_e^b(B)}$

Solución:


a) A cantidade inicial de CO_2 é:

$$n_0(\text{CO}_2) = 4,40 \text{ g CO}_2 \cdot \frac{1 \text{ mol CO}_2}{44,0 \text{ g CO}_2} = 0,100 \text{ mol CO}_2$$

Unha vez alcanzado o equilibrio, a cantidade total de gas (suposto comportamento ideal) é:

$$n_{e,t} = \frac{p \cdot V}{R \cdot T} = \frac{1,013 \cdot 10^6 \text{ Pa} \cdot 2,55 \cdot 10^{-3} \text{ m}^3}{8,31 \text{ J} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 610 \text{ K}} = 0,509 \text{ mol total}$$

Da ecuación química dedúcese que a cantidade total de gas non varía co progreso da reacción.



Unha forma de comprobalo é supoñer que inicialmente hai n_1 moles de $\text{CO}_2(\text{g})$ e n_2 moles de $\text{H}_2\text{S}(\text{g})$. Chamando x á cantidade de $\text{CO}_2(\text{g})$ que reacciona ata que se alcanza o equilibrio, calcúlase a cantidade final de gas:

		CO_2	H_2S	\rightleftharpoons	COS	H_2O	
Cantidade inicial	n_0	n_1	n_2		0,00	0,00	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n_r	x	x	\rightarrow	x	x	mol
Cantidade no equilibrio	n_e	$n_1 - x$	$n_2 - x$		x	x	mol

$$n_{te} = (n_1 - x) + (n_2 - x) + x + x = n_1 + n_2$$

Vese que é igual que a que había inicialmente.

Por tanto a cantidade de $\text{H}_2\text{S}(\text{g})$ que había inicialmente era:

$$n_0(\text{H}_2\text{S}) = 0,509 [\text{mol total}] - 0,100 [\text{mol CO}_2] = 0,409 \text{ mol H}_2\text{S}$$

Representado nun cadro as cantidades (moles) de cada gas en cada fase:

		CO_2	H_2S	\rightleftharpoons	COS	H_2O	
Cantidade inicial	n_0	0,100	0,409		0,00	0,00	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n_r	x	x	\rightarrow	x	x	mol
Cantidade no equilibrio	n_e					0,0100	mol

Vese que se formaron 0,0100 mol de $\text{H}_2\text{O}(\text{g})$

$$x = 0,0100 \text{ mol}$$

As cantidades de todos os gases no equilibrio son:

$$n_e(\text{CO}_2) = 0,100 [\text{moles iniciais}] - 0,0100 [\text{moles que reaccionan}] = 0,090 \text{ moles de CO}_2 \text{ no equilibrio}$$

$$n_e(\text{H}_2\text{S}) = 0,409 [\text{moles iniciais}] - 0,0100 [\text{moles que reaccionan}] = 0,399 \text{ moles de H}_2\text{S no equilibrio}$$

$$n_e(\text{COS}) = 0,0100 \text{ [mol formados]} = 0,0100 \text{ mol COS no equilibrio}$$

b) A expresión da constante de equilibrio en función das concentracións é:

$$K_c = \frac{[\text{H}_2\text{O}]_e \cdot [\text{COS}]_e}{[\text{H}_2\text{S}]_e \cdot [\text{CO}_2]_e} = \frac{\frac{0,010 \text{ mol H}_2\text{O}}{2,55 \text{ dm}^3} \cdot \frac{0,010 \text{ mol COS}}{2,55 \text{ dm}^3}}{\frac{0,399 \text{ mol H}_2\text{S}}{2,55 \text{ dm}^3} \cdot \frac{0,090 \text{ mol CO}_2}{2,55 \text{ dm}^3}} = 2,8 \cdot 10^{-3}$$

Como un dos factores (0,090 mol CO₂) ten só dúas cifras significativas, a constante só pode ter dúas cifras significativas.

A relación entre K_p e K_c para esta reacción é

$$K_p = \frac{p_e(\text{H}_2\text{O}) \cdot p_e(\text{COS})}{p_e(\text{H}_2\text{S}) \cdot p_e(\text{CO}_2)} = \frac{\frac{n_e(\text{H}_2\text{O}) \cdot R \cdot T}{V} \cdot \frac{n_e(\text{COS}) \cdot R \cdot T}{V}}{\frac{n_e(\text{H}_2\text{S}) \cdot R \cdot T}{V} \cdot \frac{n_e(\text{CO}_2) \cdot R \cdot T}{V}} = \frac{[\text{H}_2\text{O}]_e \cdot [\text{COS}]_e}{[\text{H}_2\text{S}]_e \cdot [\text{CO}_2]_e} = K_c$$

Polo que

$$K_p = K_c = 2,8 \cdot 10^{-3}$$

8. Nun recipiente de 2 dm³ de capacidade dispónse unha certa cantidade de N₂O₄(g) e quéntase o sistema ata 298,15 K. A reacción que ten lugar é: N₂O₄(g) ⇌ 2 NO₂(g). Sabendo que se alcanza o equilibrio químico cando a presión total dentro do recipiente é 1,0 atm (101,3 kPa) e a presión parcial do N₂O₄ é 0,70 atm (70,9 kPa), calcula:

a) O valor de K_p a 298,15 K.

b) O número de moles de cada un dos gases no equilibrio.

Dato: $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$.

(P.A.U. set. 11)

Rta.: a) $K_p = 0,13$; b) $n_1 = 0,025 \text{ mol NO}_2$; $n_2 = 0,057 \text{ mol N}_2\text{O}_4$.

Datos

Gas: volume

temperatura

Presión total no equilibrio

Presión parcial do N₂O₄ no equilibrio

Constante dos gases ideais

Cifras significativas: 3

$$V = 2,00 \text{ dm}^3$$

$$T = 298,15 \text{ K}$$

$$p_t = 1,00 \text{ atm} = 101,3 \text{ kPa}$$

$$p(\text{N}_2\text{O}_4) = 0,700 \text{ atm} = 70,9 \text{ kPa}$$

$$R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$$

Incógnitas

Constante do equilibrio K_p

Cantidade de NO₂ e N₂O₄

K_p

$n(\text{NO}_2)$, $n(\text{N}_2\text{O}_4)$

Ecuacións

Ecuación de estado dos gases ideais

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T \Rightarrow p = \frac{n \cdot R \cdot T}{V}$$

Lei de Dalton das presións parciais

$$p_t = \sum p_i$$

Concentración da substancia X


$$[X] = n(X) / V$$

Constantes do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$

$$K_c = \frac{[\text{C}]_e^c \cdot [\text{D}]_e^d}{[\text{A}]_e^a \cdot [\text{B}]_e^b} \quad K_p = \frac{p_e^c(\text{C}) \cdot p_e^d(\text{D})}{p_e^a(\text{A}) \cdot p_e^b(\text{B})}$$

Solución:

A ecuación química é:



A constante de equilibrio en función das presións (en atm) é:

$$K_p = \frac{p_e^2(\text{NO}_2)}{p_e(\text{N}_2\text{O}_4)}$$

A lei de Dalton das presións parciais di que a presión total é a suma destas presións parciais.

$$p_t = \sum p_i$$

$$p(\text{NO}_2) = 1,00 \text{ [atm]} - 0,700 \text{ [atm]} = 0,30 \text{ atm}$$

$$K_p = \frac{p_e^2(\text{NO}_2)}{p_e(\text{N}_2\text{O}_4)} = \frac{0,30^2}{0,700} = 0,13$$

b) Supoñendo comportamento ideal para os gases:

$$n(\text{NO}_2) = \frac{p(\text{NO}_2) \cdot V}{R \cdot T} = \frac{0,30 \text{ atm} \cdot 2,00 \text{ dm}^3}{0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 298,15 \text{ K}} = 0,025 \text{ mol NO}_2$$

$$n(\text{N}_2\text{O}_4) = \frac{p(\text{N}_2\text{O}_4) \cdot V}{R \cdot T} = \frac{0,700 \text{ atm} \cdot 2,00 \text{ dm}^3}{0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 298,15 \text{ K}} = 0,057 \text{ mol N}_2\text{O}_4$$

9. A 670 K, un recipiente de 2 dm³ contén unha mestura gasosa en equilibrio de 0,003 moles de hidróxeno, 0,003 moles de iodo e 0,024 moles de ioduro de hidróxeno, segundo a reacción:

$\text{H}_2(\text{g}) + \text{I}_2(\text{g}) \rightleftharpoons 2 \text{HI}(\text{g})$. Nestas condicións, calcula:

a) O valor de K_c e K_p .

b) A presión total no recipiente e as presións parciais dos gases na mestura.

Datos: $R = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$; 1 atm = 101,3 kPa

(P.A.U. set. 10)

Rta.: a) $K_p = K_c = 64$; b) $p_t = 83,5 \text{ kPa}$; $p(\text{H}_2) = p(\text{I}_2) = 8,4 \text{ kPa}$; $p(\text{HI}) = 66,8 \text{ kPa}$.

Datos

Gas: volume

temperatura

Cantidade no equilibrio de I₂

Cantidade no equilibrio de H₂

Cantidade no equilibrio de HI

Constante dos gases ideais

Incógnitas

Constante do equilibrio K_c

Constante do equilibrio K_p

Presión total

Presións parciais do H₂, I₂ e HI

Ecuacións

Ecuación de estado dos gases ideais

Concentración da substancia X

Constantes do equilibrio: $a \text{ A} + b \text{ B} \rightleftharpoons c \text{ C} + d \text{ D}$

Cifras significativas: 3

$$V = 2,00 \text{ dm}^3$$

$$T = 670 \text{ K}$$

$$n_e(\text{I}_2) = 0,00300 \text{ mol I}_2$$

$$n_e(\text{H}_2) = 0,00300 \text{ mol H}_2$$

$$n_e(\text{HI}) = 0,0240 \text{ mol HI}$$

$$R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$K_c$$

$$K_p$$

$$p_t$$

$$p(\text{H}_2), p(\text{I}_2), p(\text{HI})$$


$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T \Rightarrow p = \frac{n \cdot R \cdot T}{V}$$

$$[\text{X}] = n(\text{X}) / V$$

$$K_c = \frac{[\text{C}]_e^c \cdot [\text{D}]_e^d}{[\text{A}]_e^a \cdot [\text{B}]_e^b} \quad K_p = \frac{p_e^c(\text{C}) \cdot p_e^d(\text{D})}{p_e^a(\text{A}) \cdot p_e^b(\text{B})}$$

Solución:

A ecuación química é:



A constante de equilibrio en función das concentracións é:

$$K_c = \frac{[HI]_e^2}{[I_2]_e [H_2]_e} = \frac{\left(\frac{0,0240}{2,00}\right)^2}{\left(\frac{0,00300}{2,00}\right) \cdot \left(\frac{0,00300}{2,00}\right)} = 64,0 \text{ (concentracións en mol/dm}^3\text{)}$$

Se consideramos comportamento ideal para os gases, podemos escribir:

$$K_p = \frac{p_e^2(HI)}{p_e(H_2) \cdot p_e(I_2)} = \frac{([HI]_e \cdot R \cdot T)^2}{[H_2]_e \cdot R \cdot T \cdot [I_2]_e \cdot R \cdot T} = \frac{[HI]_e^2}{[H_2]_e \cdot [I_2]_e} \cdot \frac{(R \cdot T)^2}{R \cdot T \cdot R \cdot T} = K_c = 64,0 \text{ (presións en atm)}$$

b) A presión parcial de cada un dos gases, suposto comportamento ideal, é a que exercería se se atopase só no recipiente. A presión total será a suma destas presións parciais (Lei de Dalton)

$$p(HI) = \frac{n(HI) \cdot R \cdot T}{V_T} = \frac{0,0240 \text{ mol} \cdot 8,31 \text{ J} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 670 \text{ K}}{2,00 \cdot 10^{-3} \text{ m}^3} = 6,68 \cdot 10^4 \text{ Pa} = 66,8 \text{ kPa} = \frac{1 \text{ atm}}{101,3 \text{ kPa}} = 0,659 \text{ atm}$$

$$p(I_2) = \frac{n(I_2) \cdot R \cdot T}{V_T} = \frac{0,00300 \text{ mol} \cdot 8,31 \text{ J} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot \text{K}^{-1} \cdot 670 \text{ K}}{2,00 \cdot 10^{-3} \text{ m}^3} = 8,35 \cdot 10^3 \text{ Pa} = 8,35 \text{ kPa} = \frac{1 \text{ atm}}{101,3 \text{ kPa}} = 0,0824 \text{ atm}$$

$$p(H_2) = p(I_2) = 8,35 \text{ kPa} \cdot 1 \text{ atm} / 101,3 \text{ kPa} = 0,0824 \text{ atm}$$

$$p_t = p(H_2) + p(I_2) + p(HI) = 8,35 \text{ [kPa]} + 8,35 \text{ [kPa]} + 66,8 \text{ [kPa]} = 83,5 \text{ kPa} \cdot 1 \text{ atm} / 101,3 \text{ kPa} = 0,824 \text{ atm}$$

10. Un recipiente pechado de 1 dm³, no que se fixo previamente o baleiro, contén 1,998 g de iodo (sólido). Seguidamente, quéntase ata alcanzar a temperatura de 1200 °C. A presión no interior do recipiente é de 1,33 atm. Nestas condicións, todo o iodo áchase en estado gasoso e parcialmente disociado en átomos: $I_2(g) \rightleftharpoons 2 I(g)$

a) Calcula o grao de disociación do iodo molecular.

b) Calcula as constantes de equilibrio K_c e K_p para a devandita reacción a 1200 °C.

Dato: $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$.

(P.A.U. set. 09)

Rta.: a) $\alpha = 39,8 \%$ b) $K_c = 8,26 \cdot 10^{-3}$; $K_p = 0,999$.

Datos

Gas: volume

temperatura

Masa inicial de I₂

Presión total no equilibrio

Constante dos gases ideais

Masa molar I₂

Incógnitas

Grao de disociación

Constantes de equilibrio

Ecuacións

Presión dunha mestura de gases

Concentración da substancia X

Grao de disociación

Constante de concentracións do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$

Cifras significativas: 4

$$V = 1,000 \text{ dm}^3$$

$$T = 1200 \text{ °C} = 1473 \text{ K}$$

$$m_0(I_2) = 1,998 \text{ g I}_2$$

$$p = 1,330 \text{ atm}$$

$$R = 0,08206 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$M(I_2) = 253,8 \text{ g/mol}$$

$$\alpha$$

$$K_c, K_p$$

$$p_t \cdot V = n_t \cdot R \cdot T$$

$$[X] = n(X) / V$$

$$\alpha = \frac{n_d}{n_0}$$

$$K_c = \frac{[C]_e^c \cdot [D]_e^d}{[A]_e^a \cdot [B]_e^b}$$

Ecuacións

Constante de presións do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$

$$K_p = \frac{p_e^c(C) \cdot p_e^d(D)}{p_e^a(A) \cdot p_e^b(B)}$$

Solución:

a) Inicialmente hai:

$$n_0(I_2) = 1,998 \text{ g } I_2 \cdot \frac{1 \text{ mol } I_2}{253,8 \text{ g } I_2} = 7,872 \cdot 10^{-3} \text{ mol } I_2$$

Se se chama x á cantidade de iodo molecular que se disocia e representábase nun cadro as cantidades (moles) de cada gas:

		I_2	\rightleftharpoons	$2 I$	
Cantidade inicial	n_0	$7,872 \cdot 10^{-3}$		0,00	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n_r	x	\rightarrow	$2 x$	mol
Cantidade no equilibrio	n_e	$7,872 \cdot 10^{-3} - x$		$2 x$	mol

A cantidade total de gas no equilibrio será:

$$n_t = 7,872 \cdot 10^{-3} - x + 2 x = 7,872 \cdot 10^{-3} + x$$

Por outra banda, pódese calcular a cantidade de gas a partir da presión total

$$n_t = \frac{p \cdot V}{R \cdot T} = \frac{1,330 \text{ atm} \cdot 1,00 \text{ dm}^3}{0,08206 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot 1473 \text{ K}} = 0,01100 \text{ mol gas}$$

Despexando:

$$x = 0,01100 - 7,872 \cdot 10^{-3} = 3,130 \cdot 10^{-3} \text{ mol de } I_2 \text{ que reaccionou}$$

As cantidades de cada especie no equilibrio son:

$$n_e(I) = 2 \cdot x = 6,260 \cdot 10^{-3} \text{ mol I no equilibrio}$$

$$n_e(I_2) = 7,872 \cdot 10^{-3} - x = 0,01100 - 3,130 \cdot 10^{-3} = 4,742 \cdot 10^{-3} \text{ mol } I_2 \text{ no equilibrio}$$

O grao de disociación, por tanto, foi:

$$\alpha = \frac{n_r}{n_0} = \frac{3,130 \cdot 10^{-3}}{7,872 \cdot 10^{-3}} = 0,3976 = 39,76 \%$$

b) A constante de equilibrio en función das concentracións é:

$$K_c = \frac{[I]_e^2}{[I_2]_e} = \frac{\left(\frac{6,280 \cdot 10^{-3} \text{ mol I}}{1,00 \text{ dm}^3} \right)^2}{\left(\frac{4,742 \cdot 10^{-3} \text{ mol } I_2}{1,00 \text{ dm}^3} \right)} = 8,264 \cdot 10^{-3}$$

Para calcular a constante en función das presións, podemos empregar a relación:

$$K_p = \frac{p_C^c \cdot p_D^d}{p_A^a \cdot p_B^b} = \frac{([C] \cdot R \cdot T)^c ([D] \cdot R \cdot T)^d}{([A] \cdot R \cdot T)^a ([B] \cdot R \cdot T)^b} = \frac{[C]^c \cdot [D]^d}{[A]^a \cdot [B]^b} \cdot (R \cdot T)^{c+d-(a+b)} = K_c \cdot (R \cdot T)^{\Delta n}$$

$$K_p = K_c \cdot (R \cdot T)^{(2-1)} = 8,264 \cdot 10^{-3} \cdot (0,08206 \cdot 1473) = 0,9989$$

11. Nun recipiente de 5 dm^3 introdúcese $1,0 \text{ mol}$ de SO_2 e $1,0 \text{ mol}$ de O_2 e quéntase a $727 \text{ }^\circ\text{C}$, producíndose a seguinte reacción: $2 \text{SO}_2(\text{g}) + \text{O}_2(\text{g}) \rightleftharpoons 2 \text{SO}_3(\text{g})$. Unha vez alcanzado o equilibrio, analízase a mensura atopando que hai $0,15 \text{ moles}$ de SO_2 . Calcula:

- a) Os gramos de SO₃ que se forman.
- b) O valor da constante de equilibrio K_c.

(P.A.U. set. 08)

Rta.: a) m(SO₃) = 68 g; b) K_c = 280.

Datos

Gas: volume

temperatura

Cantidade inicial de SO₂

Cantidade inicial de O₂

Cantidade de SO₂ no equilibrio

Masa molar do trióxido de xofre

Incógnitas

Masa de SO₃ que se forma

Constante de equilibrio

Ecuacións

Cantidade (número de moles)

Concentración da substancia X

Constante do equilibrio: $a A + b B \rightleftharpoons c C + d D$

Cifras significativas: 3

$$V = 5,00 \text{ dm}^3$$

$$T = 727 \text{ °C} = 1000 \text{ K}$$

$$n_0(\text{SO}_2) = 1,00 \text{ mol SO}_2$$

$$n_0(\text{O}_2) = 1,00 \text{ mol O}_2$$

$$n_e(\text{SO}_2) = 0,150 \text{ mol SO}_2$$

$$M(\text{SO}_3) = 80,0 \text{ g/mol}$$

$$m_e(\text{SO}_3)$$

$$K_c$$

$$n = m / M$$

$$[X] = n(X) / V$$


$$K_c = \frac{[C]_e^c \cdot [D]_e^d}{[A]_e^a \cdot [B]_e^b}$$

Solución:

a) Se quedan 0,15 mol do 1,00 mol que había inicialmente, é que reaccionaron:

$$n_r(\text{SO}_2) = 1,00 - 0,15 = 0,85 \text{ mol SO}_2 \text{ que reaccionaron}$$

Da estequiometría da reacción:



reaccionaron $0,85 / 2 = 0,43$ mol de O₂ e formáronse 0,85 mol SO₃

Representamos nun cadro as cantidades (moles) de cada gas en cada fase:

		2 SO ₂	O ₂	⇌	2 SO ₃	
Cantidade inicial	n ₀	1,00	1,00		0,00	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n _r	0,85	0,43	→	0,85	mol
Cantidade no equilibrio	n _e	0,15	0,57		0,85	mol

No equilibrio haberá:

$$n_e(\text{SO}_2) = 0,15 \text{ mol}; n_e(\text{O}_2) = 0,57 \text{ mol}; n_e(\text{SO}_3) = 0,85 \text{ mol}$$

e a masa de SO₃ será:

$$m_e(\text{SO}_3) = 0,85 \text{ mol} \cdot 80 \text{ g/mol} = 68 \text{ g SO}_3 \text{ no equilibrio}$$

b) A expresión da constante de equilibrio en función das concentracións é:

$$K_c = \frac{[\text{SO}_3]_e^2}{[\text{O}_2]_e \cdot [\text{SO}_2]_e^2} = \frac{\left(\frac{0,85 \text{ mol SO}_3}{5,0 \text{ dm}^3}\right)^2}{\frac{0,57 \text{ mol O}_2}{5,0 \text{ dm}^3} \left(\frac{0,15 \text{ mol SO}_2}{5,0 \text{ dm}^3}\right)^2} = 280$$

12. Nun recipiente de 10,0 dm³ introdúcese 0,61 moles de CO₂ e 0,39 moles de H₂ quentando ata 1250 °C. Unha vez alcanzado o equilibrio segundo a reacción: CO₂(g) + H₂(g) ⇌ CO(g) + H₂O(g) analízase a mestura de gases, atopándose 0,35 moles de CO₂.
- Calcula os moles dos demais gases no equilibrio.
 - Calcula o valor de K_c a esa temperatura.

(P.A.U. xuño 08)

Rta.: a) n_e(CO₂) = 0,35 mol; n_e(H₂) = 0,13 mol; n_e(CO) = n_e(H₂O) = 0,26 mol; b) K_c = 1,5.

Datos

Gas: volume
temperatura

Cantidade inicial de CO₂

Cantidade inicial de H₂

Cantidade de CO₂ no equilibrio

Incógnitas

Cantidade (moles) de cada compoñente no equilibrio

Constante de equilibrio

Ecuacións

Concentración da substancia X

Constante do equilibrio: a A + b B ⇌ c C + d D

Cifras significativas: 2

$$V = 10,0 \text{ dm}^3$$

$$T = 1250 \text{ °C} = 1523 \text{ K}$$

$$n_0(\text{CO}_2) = 0,61 \text{ mol CO}_2$$

$$n_0(\text{H}_2) = 0,39 \text{ mol H}_2$$

$$n_e(\text{CO}_2) = 0,35 \text{ mol CO}_2$$

$$n_e(\text{H}_2), n_e(\text{CO}), n_e(\text{H}_2\text{O})$$

$$K_c$$

$$[X] = n(X) / V$$


$$K_c = \frac{[C]_e^c \cdot [D]_e^d}{[A]_e^a \cdot [B]_e^b}$$

Solución:

a) Se quedan 0,35 mol dos 0,61 mol que había inicialmente, é que reaccionaron:

$$n_r(\text{CO}_2) = 0,61 - 0,35 = 0,26 \text{ mol CO}_2 \text{ que reaccionaron}$$

Da estequiometría da reacción:



reaccionaron 0,26 mol de H₂ e formáronse os mesmos de CO e H₂O.

Representamos nun cadro as cantidades (moles) de cada gas en cada fase:

		CO ₂	H ₂	⇌	H ₂ O	CO	
Cantidade inicial	n ₀	0,61	0,39		0,0	0,0	mol
Cantidade que reacciona ou se forma	n _r	0,26	0,26		0,26	0,26	mol
Cantidade no equilibrio	n _e	0,35	0,13		0,26	0,26	mol

No equilibrio haberá:

$$n_e(\text{CO}_2) = 0,35 \text{ mol}; n_e(\text{H}_2) = 0,13 \text{ mol}; n_e(\text{CO}) = n_e(\text{H}_2\text{O}) = 0,26 \text{ mol}$$

b) A expresión da constante de equilibrio en función das concentracións é:

$$K_c = \frac{[\text{H}_2\text{O}]_e \cdot [\text{CO}]_e}{[\text{H}_2]_e \cdot [\text{CO}_2]_e} = \frac{\frac{0,26 \text{ mol H}_2\text{O}}{10 \text{ dm}^3} \cdot \frac{0,26 \text{ mol CO}}{10 \text{ dm}^3}}{\frac{0,35 \text{ mol CO}_2}{10 \text{ dm}^3} \cdot \frac{0,13 \text{ mol CO}_2}{10 \text{ dm}^3}} = 1,5$$

13. Á temperatura de 35 °C dispoñemos, nun recipiente de 310 cm³ de capacidade, dunha mestura gasosa que contén 1,660 g de N₂O₄ en equilibrio con 0,385 g de NO₂.
